



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Recursos territoriais

Materia	Recursos territoriais			
Código	O04G240V01304			
Titulación	Grao en Turismo			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Historia, arte e xeografía			
Coordinador/a	Patiño Romaris, Carlos Alberto			
Profesorado	Patiño Romaris, Carlos Alberto			
Correo-e	xecarlos@gmail.com			
Web				
Descrición xeral	Os recursos territoriais turísticos: definición, clasificación e relevancia para a actividade turística. Técnicas de inventario de recursos turísticos. Os recursos territoriais turísticos como fundamento das Unidades Territoriais Turísticas. Avaliación e diagnóstico de recursos turísticos. Procesos e tipoloxías de desenvolvemento turístico.			

### Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B3	Capacidade para interpretar criticamente datos e texto
B7	Capacidade de traballo en equipo, así como a nivel individual
B8	Capacidade de aprendizaxe e traballo autónomo
B9	Capacidade de aplicar os coñecementos teóricos e prácticos adquiridos nun contexto académico especializado
C1	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos axentes económicos que interveñen no turismo e das relacións que se establecen entre eles.
C3	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto dos recursos naturais, culturais e patrimoniais relacionados coa actividade turística.
C4	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das diferentes manifestacións antropolóxicas, culturais e sociais que incentivan a actividade turística.
C9	Comprender e interpretar coñecementos ao respecto das técnicas básicas de investigación e prospectiva en materia turística.
C10	Analizar e avaliar os impactos xerados polo turismo
C15	Orientación do servizo ao cliente
D2	Compromiso ético

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Comprender os fundamentos xeográficos da variedade de recursos territoriais turísticos no globo	A1 A2 A4	B3	C3 C4	D2
Coñecer, interpretar e valorar os recursos turísticos das distintas rexións de España e de Galicia	A1 A3 A4	B3	C3 C4 C15	D2
Asimilar e explicar a variedade de recursos territoriais turísticos das diferentes áreas rexionais do mundo desenvolvido	A1 A3 A4	B3 B8	C3 C4	D2
Asimilar e explicar a variedade de recursos territoriais turísticos das diferentes áreas rexionais do mundo subdesenvolvido e os países emerxentes	A1 A3 A4	B3 B8	C3 C4 C9	D2
Coñecer e aplicar os métodos e técnicas propios da análise xeográfica, así como utilizar correctamente o vocabulario xeográfico básico, para aplicarlos ao estudo dos recursos territoriais turísticos	A1 A3 A4 A5	B3 B7 B9	C3 C4 C10	D2
Demostrar capacidade de comunicación oral e escrita dos coñecementos adquiridos	A4 A5		C1 C3 C15	D2

### Contidos

Tema	
1. Os recursos territoriais turísticos.	Definición, clasificación e relevancia para a actividade turística
2. Técnicas de inventario de recursos turísticos	Recursos naturais Recursos humanos Recursos culturais e patrimoniais
3. Os recursos turísticos como fundamento das Unidades Territoriais Turísticas	Definición de Unidades Territoriais Turísticas
4. Avaliación e diagnóstico de recursos turísticos	Recursos naturais Recursos humanos Recursos culturais e patrimoniais
5. Procesos e tipoloxías de desenvolvemento turístico	O mundo desenvolvido Os países emerxentes O mundo en desenvolvemento España e a súa variedade rexional Galicia e a súa variedade intrarexional

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	17.5	47.5
Traballos tutelados	5	15	20
Presentacións/exposicións	6.5	10	16.5
Saídas de estudo/prácticas de campo	3	15	18
Outros	2	10	12
Probas de resposta curta	3	15	18
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	3	15	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia, con apoio de material audiovisual e exemplos prácticos
Traballos tutelados	Resolución de exercicios individualmente ou en grupo baixo a dirección do profesor. Debates. Seminarios
Presentacións/exposicións	Presentación, exposición e debate sobre actividades prácticas da materia
Saídas de estudo/prácticas de campo	Análise, estudo e reflexión sobre aspectos relacionados coa materia, na realidade
Outros	Investigación bibliográfica, en fontes e a través de internet de aspectos prácticos relacionados coa materia

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballos tutelados Realizar seguimento e avaliación do traballo, tanto do proceso como do resultado final

Outros Seguimento e observacións pertinentes ao alumnado

<b>Avaliación</b>							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Traballos tutelados	Presentación dos traballos realizados en grupo acordes ás pautas propostas	15	A1 A2 A3 A4	B3 B7 B8	C3 C4	D2	
Presentacións/exposicións	Presentación dos traballos acorde ás pautas propostas	10	A1 A3 A4	B3 B7	C3 C4	D2	
Outros	Asistencia e participación activa nas clases	5	A1 A5		C3 C15	D2	
Probas de resposta curta	Probas sobre aspectos teóricos tratados no temario ao final de cada tema	35	A1 A4	B3	C1 C3 C4 C10	D2	
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	Probas e exercicios prácticos realizados ao final de cada tema	35	A1 A3 A5	B3 B9	C3 C4 C9 C10	D2	

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes convocatorias son as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Centro para o curso 2016-2017. En caso de conflito ou disparidade entre as datas dos exames, prevalecerán as sinaladas na páxina web da FCETOU.

A materia será avaliada por un sistema de avaliación continua, a partires das competencias adquiridas. A cualificación final será a suma dos diferentes elementos avaliados tendo en conta aspectos teóricos e prácticos (final numérica de 0 a 10 pola lexislación vixente). Casos particulares serán expostos o profesor/a da materia. Os alumnos que non sigan avaliación continua poderán presentarse aos exames finais fixados na programación de exames da Facultade, aténdose aos seguintes criterios: a) Proba escrita. Exame xeral de carácter teórico que suporá o 70% da cualificación final. b) Realización dun traballo que suporá o 30% da cualificación final. Segunda convocatoria: Avaliarase o alumno coa realización dun exame final de carácter teórico-práctico que suporá o 50% da cualificación final, aténdose aos mesmos criterios xa expostos para a primeira convocatoria. Conservaranse as cualificacións de traballo tutelado e outras actividades de avaliación continua que o alumno xa realizase. Naqueles casos que non se cumpra algún dos supostos mencionados anteriormente, o alumno deberá de compensalo mediante a realización dun traballo en relación co temario da materia.

### **Bibliografía. Fontes de información**

Alonso Fernández, J., **Geografía Turística: Europa y el Resto del Mundo.**, Centro de Estudios Ramón Areces,

Alonso Fernández, J., **Geografía Turística General y de España.**, Centro de Estudios Ramón Areces,

Alonso Fernández, J., **Introducción a la Geografía.**, Centro de estudios Ramón Areces,

Azcárate, B. y otros, **Geografía regional del mundo desarrollado, subdesarrollado y países emergentes.** UNED,

Crespi Villabona, M. y Planells Costa, M., **Recursos turísticos.** Síntesis,

<http://www.guiageografico.com/>,

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Patrimonio cultural/O04G240V01404

Promoción turística/O04G240V01405

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Xeografía: O turismo no mundo actual/O04G240V01104

### **Outros comentarios**

Esta guía docente describe as liñas de actuación que se deben levar a cabo co alumnado na materia de Recursos Territoriais e concíbese de forma flexible. En consecuencia pode requirir reaxustes ao longo do curso académico promovidos pola

dinámica da clase e do grupo de destinatarios ou pola relevancia das situacións que poidan xurdir. Así mesmo achegárase ao alumnado a información e pautas concretas que sexan necesarias en cada momento do proceso formativo.

A MATERIA SERÁ IMPARTIDA POR UN/UNHA PROFESOR/A QUE SE CONTRATARÁ NUN PROCESO PENDENTE DE RESOLUCIÓN (CONCURSO DE PROFESORADO)

---